

PROGRAMA DE FORMACIÓN 2024

COMPRESIÓN E APOIO AO ALUMNADO NO ESPECTRO DO AUTISMO

CURSO 1: 17 FEBREIRO 2024

COMPRESIÓN E ESTRATEXIAS DE APOIO AO ALUMNADO NO ESPECTRO DO AUTISMO
DOCENTE: MARLENE HORNA CASTIÑEIRAS. 30 PRAZAS. 65€

CURSO 2: 9 MARZO 2024

HABILIDADES SOCIAIS NO ESPECTRO DO AUTISMO.
DOCENTE: MARLENE HORNA CASTIÑEIRAS. 30 PRAZAS. 65€

CURSO 3: 27 ABRIL 2024

COMPRESIÓN E INTERVENCIÓN SOBRE AS CONDUCTAS PROBLEMÁTICAS
NO ESPECTRO DO AUTISMO.
DOCENTE: MARLENE HORNA CASTIÑEIRAS. 30 PRAZAS. 65€

INSCRÍBETE
NOS TRES
CURSOS

MODALIDADE PRESENCIAL.

PRAZO DE INSCRICIÓN ATA O 8 DE FEBREIRO 2024

Asignación de prazas por rigorosa orde de inscrición
tendo preferencia as persoas que se inscriban nos tres cursos.
Confirmarase a praza por correo electrónico unha vez finalizado o prazo de inscrición.

PREZO 65€ CADA CURSO.

PREZO REDUCIDO 160€ AO INSCRIBIRSE NOS TRES CURSOS Á VEZ.

PROGRAMA DE FORMACIÓN

2024

COMPRESIÓN E APOIO AO ALUMNADO NO ESPECTRO DO AUTISMO

PERSOAS DESTINATARIAS:

O curso está dirixido preferentemente a **profesionais do ámbito educativo** que traballan con persoas no espectro do autismo: mestres/as, profesorado, educadores/as, persoal de orientación, psicoloxía, psicopedagogía, logopedia, audición e linguaxe, auxiliares técnicos educativos, coidadores/as, monitoraxe, formadores/as, así como outros profesionais interesados.

* NON está dirixido a profesionais e familias das entidades asociadas á Federación Autismo Galicia.

NÚMERO DE PRAZAS:

30 prazas por curso. Asignación de prazas por rigorosa orde de inscrición tendo **PREFERENCIA** as persoas que se inscriban nos tres cursos.

MODALIDADE: Presencial.

PRAZO DE INSCRICIÓN: Ata o 8 de febreiro de 2024.

Confirmaremos a praza ou lista de espera por correo electrónico, unha vez finalizado o prazo de inscrición. Facilitarase o número de conta para facer o ingreso. Debe enviar copia de xustificante de pagamento a: formacion@autismogalicia.org

PREZO: 65€ Cada curso. Prezo reducido de 160€ ao inscribirse nos tres cursos á vez.

PROGRAMA DE FORMACIÓN

2024

COMPRESIÓN E APOIO AO ALUMNADO NO ESPECTRO DO AUTISMO

CURSO 1: COMPRESIÓN E ESTRATEXIAS DE APOIO AO ALUMNADO NO ESPECTRO DO AUTISMO

DATA:

17 de febreiro de 2024

HORARIO:

9:30h. a 14h. e de 15:30h. a 19h.

LUGAR:

Sede A Fundación. Rúa do Vilar nº 19. 15705 Santiago de Compostela

A comprensión e apoio a persoas no espectro do autismo é, sen dúbida, un dos temas que continúa despertando maior interese en diversos ámbitos: sanitario, social, investigador e tamén educativo. Na actualidade estímase que máis de unha de cada 100 persoas estarían no espectro do autismo.

Esta gran prevalencia ten tamén o seu reflexo nas aulas, o que converteu case en excepción o docente que non conte ou vaia a contar cun alumno ou alumna con algún grao de autismo na clase.

A comprensión da particular forma de estar no mundo, estilo cognitivo, forma de relacionarse, e puntos fortes e retos destes nenos e nenas por parte de toda a comunidade educativa, será clave para proporcionarlles a atención e apoios especializados que garantan a igualdade de oportunidades na vida escolar, aprendizaxes académicas e benestar emocional.

PROGRAMA

1. Que é o autismo?. Compreendendo á persoa e tratando de poñernos no seu lugar.
2. Estilo cognitivo e outros aspectos imprescindibles para a comprensión e apoio do alumno/a no espectro.
3. A preparación da chegada do/a alumno/a por primeira vez á escola e o establecemento da colaboración coa familia.
4. Os cadernos de comunicación e deberes.
5. Os/as profesionais de apoio: dar o pescado ou ensinar a pescar?
6. A estruturación física dos espazos e a organización de materiais.
7. A estruturación temporal: axendas, calendarios e outros tipos de organizadores
8. Os días especiais e excursións.
9. As explicacións orais en grupo: como promover a atención e a participación.
10. Estratexias de apoio básicas e avanzadas no deseño e adaptación de actividades e tarefas.
11. Os exames e avaliacións escolares.

DOCENTE: MARLENE HORNA CASTIÑEIRAS

Licenciada en Psicoloxía Clínica con habilitación sanitaria e Psicoloxía Social, Diploma en Estudos Avanzados, Diploma en Criminoloxía e Máster en Atención Temperá pola Universidade de Santiago de Compostela, así como Experto en Neuropsicoloxía pola Universidade La Salle.

Leva máis de vinte anos apoiando a persoas no espectro do autismo e as súas familias. Iniciou a súa actividade profesional na Unidade de Atención Temperá da Universidade de Santiago de Compostela realizando actividades de avaliación e diagnóstico, intervención, orientación, investigación e docencia. Continuou formando parte do equipo técnico da asociación de autismo ASPANAES e, máis adiante, traballou na Unidade de Apoio en Contextos Naturais da Asociación Autismo Bata.

Na actualidade desenvolve a súa actividade profesional en dúas áreas: a atención directa coas persoas do espectro autista e as súas familias e as súas contornas naturais (fogar, escola, comunidade); e por outro lado, coa consultoría e formación en asociacións, organizacións, centros de formación do profesorado, federacións, universidades e, especialmente, en centros educativos.

Froito da súa experiencia de apoio e colaboración con persoas do espectro, familias, educadores/as e outros profesionais, publicou, en 2021, o libro: *Niños y Niñas en el Espectro del autismo. Comprensión e estratexias prácticas de apoio educativo*, da Editorial CCS.

INSCRÍBETE: [PREME AQUÍ](#)

PROGRAMA DE FORMACIÓN

2024

COMPRESIÓN E APOIO AO ALUMNADO NO ESPECTRO DO AUTISMO

CURSO 2:

DATA:

9 de marzo de 2024

HORARIO:

9:30h. a 14h. e de 15:30h. a 19h.

LUGAR:

Sede A Fundación. Rúa do Vilar nº 19. 15705 Santiago de Compostela

O mundo social é unha complexa armazón de relacións chea de matices, regras non escritas e excepcións, especialmente difícil de comprender e manexar para as persoas no espectro do autismo. Con todo, as dificultades de relación social das persoas no espectro non son só debidas á súa diferente forma de estar no mundo, senón, en gran parte, consecuencia da incompreensión e falta de apoio das propias persoas da contorna que, consciente ou inconscientemente, con frecuencia eriximos barreiras que dificultan a inclusión das persoas autistas.

Promover a comprensión mutua e o apoio no desenvolvemento das competencias sociais do alumnado no espectro e das persoas da súa contorna social serán clave para que todos poidamos relacionarnos mellor, comprendernos máis, valorarnos, respectarnos, desfrutar e aprender das outras persoas.

PROGRAMA

1. Comprender e identificar os retos sociais das persoas no espectro do autismo.
2. A camuflaxe social ou masking.
3. Da regulación mutua á autorregulación.
4. A comprensión das emoción propias e alleas e o benestar emocional.
5. As rutinas tranquilizadoras.
6. Promovendo as relacións positivas con iguais dentro das rutinas escolares.
7. Ensinar a pensar socialmente e estratexias prácticas para a comprensión e aprendizaxe social: historias sociais, cómics en forma de historieta, o bote da paciencia, guións sociais,, etc.
8. O acoso escolar ou bullying.

DOCENTE: MARLENE HORNA CASTIÑEIRAS

Psicóloga, especialidades Social e Clínica e con habilitación sanitaria. Máster en Atención Temperá, diploma en Criminoloxía e Diploma de Estudos Avanzados pola Universidade de Santiago de Compostela. Desde hai máis de vinte anos apoia a persoas no Espectro Autista e ás súas familias.

Comezou a súa traxectoria profesional na Unidade de Atención Temperá da Universidade de Santiago de Compostela e continuou como orientadora dun colexio específico da asociación ASPANAES. Na actualidade, traballa de maneira particular e dentro da a Unidade de Apoio Ambulatorio (UAM) da Asociación Autismo Bata, en ambas actividades presta apoio a persoas no Espectro do Autismo e ás súas familias nas contornas naturais (fogar, escola, comunidade).

Forma parte da Rede de Canles de Asesoramento da Confederación Plena Inclusión e posúe unha ampla experiencia como docente, adquirida en cursos promovidos por diversas institucións, centros de formación do profesorado, asociacións e universidades. É autora do libro *“Niños y niñas en el Espectro del Autismo. Comprensión y estrategias prácticas de apoyo educativo”* da Editorial CCS.

INSCRÍBETE: [PREME AQUÍ](#)

PROGRAMA DE FORMACIÓN

2024

COMPRESIÓN E APOIO AO ALUMNADO NO ESPECTRO DO AUTISMO

Curso 3: COMPRESIÓN E INTERVENCIÓN SOBRE AS CONDUCTAS PROBLEMÁTICAS NO ESPECTRO DO AUTISMO:

DATA:

27 de abril de 2024

HORARIO:

9:30h. a 14h. e de 15:30h. a 19h.

LUGAR:

Sede A Fundación. Rúa do Vilar nº 19. 15705 Santiago de Compostela

Fronte ao enfoque tradicional que se limitaba a intentar suprimir a conduta problemática, o enfoque denominado Apoio Condutual Positivo ocúpase de descubrir quen é a persoa que manifesta a conduta, cales son os contextos nos que aparece, cal é a función que cumpre para a persoa, así como o obxectivo que persegue.

Todo isto coa finalidade de comprender, prever e facer fronte aos comportamentos que nos preocupan, sen esquecer que a súa redución ou eliminación non é un fin en si mesmo, senón un medio para que a persoa poida compartir e gozar de moitas máis experiencias e oportunidades na súa comunidade, estea en mellor disposición de aprender, incrementando as súas habilidades adaptativas, amplíe as súas relacións persoais positivas e, en definitiva, poida gozar dunha maior calidade de vida.

PROGRAMA

1. Que consideramos conduta problemática, por que ocorren e se repiten?
2. Cando o mundo é “demasiado”: meltdown, burnout, shutdown.
3. O papel fundamental do contexto na aparición das condutas que nos preocupan.
4. A nula ou escasa eficacia dos castigos e outros tipos de intervención frecuentes.
5. Fases da crise e estratexias de apoio en cada unha: desencadeante, intensificación, explosión, recuperación.
6. Avaliación da conduta problemática: definición, estratexias para a recollida de información, formulación de hipóteses e elaboración do plan de intervención e seguimento.
7. Estratexias proactivas para previr a aparición da conduta problemática: promoción da comprensión, respecto e apoio das persoas da contorna, deseño de contornas amigables, mellora da comprensión social, axuste das demandas, incremento das habilidades de comunicación, incremento da tolerancia ás esperas, apoio nas transicións, incremento da flexibilidade mental.

DOCENTE: MARLENE HORNA CASTIÑEIRAS

Licenciada en Psicoloxía Clínica con habilitación sanitaria e Psicoloxía Social, Diploma en Estudos Avanzados, Diploma en Criminoloxía e Máster en Atención Temperá pola Universidade de Santiago de Compostela, así como Experto en Neuropsicoloxía pola Universidade de La Salle. Leva máis de vinte anos apoiando a persoas no espectro do autismo e as súas familias. Iniciou a súa actividade profesional na Unidade de Atención Temperá da Universidade de Santiago de Compostela realizando actividades de avaliación e diagnóstico, intervención, orientación, investigación e docencia. Continuou formando parte do equipo técnico da asociación de autismo ASPANAES e, máis adiante, traballou na Unidade de Apoio en Contextos Naturais da Asociación Autismo Bata. Na actualidade desenvolve a súa actividade profesional en dúas áreas: a atención directa coas persoas do espectro autista e as súas familias e as súas contornas naturais (fogar, escola, comunidade); e por outro lado, coa consultoría e formación en asociacións, organizacións, centros de formación do profesorado, federacións, universidades e, especialmente, en centros educativos.

Froito da súa experiencia de apoio e colaboración con persoas do espectro, familias, educadores/as e outros profesionais, publicou, en 2021, o libro: Niños y Niñas en el Espectro del autismo. Comprensión e estratexias prácticas de apoio educativo, da Editorial CCS.

INSCRÍBETE: [PREME AQUÍ](#)

**MODALIDADE PRESENCIAL.
PRAZO DE INSCRICIÓN ATA O 8 DE FEBREIRO 2024**

Asignación de prazas por rigorosa orde de inscrición tendo preferencia as persoas que se inscriban nos tres cursos. Confirmarase a praza por correo electrónico unha vez finalizado o prazo de inscrición.

**PREZO 65€ CADA CURSO.
PREZO REDUCIDO 160€ AO INSCRIBIRSE NOS TRES CURSOS Á VEZ.**

INSCRICIÓN

CURSO 1: COMPRENSIÓN E ESTRATEXIAS DE APOIO AO ALUMNADO NO ESPECTRO DO AUTISMO

MATRÍCULA UNIDAD: 65€

INSCRÍBETE: PREME AQUÍ

CURSO 2: HABILIDADES SOCIAIS NO ESPECTRO DO AUTISMO

MATRÍCULA UNIDAD: 65€

INSCRÍBETE: PREME AQUÍ

CURSO 3: COMPRENSIÓN E INTERVENCIÓN SOBRE AS CONDUTAS PROBLEMÁTICAS NO ESPECTRO DO AUTISMO.

MATRÍCULA UNIDAD: 65€

INSCRÍBETE: PREME AQUÍ

INSCRICIÓN NOS TRES CURSOS

PREZO REDUCIDO: 160 EUROS

E PREFERENCIA NA ASIGNACIÓN DE PRAZAS

INSCRÍBETE: PREME AQUÍ

FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA.

981 589 365

formacion@autismogalicia.org

www.autismogalicia.org


autismoGALICIA